



## Guía Docente

Datos Identificativos					2014/15
Asignatura (*)	Variedades do Inglés	Código	613G03042		
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5	
Idioma	Inglés				
Prerrequisitos					
Departamento	Filloxía Inglesa				
Coordinación	Nuñez Ponte, Carolina	Correo electrónico	c.nunez@udc.es		
Profesorado	Nuñez Ponte, Carolina	Correo electrónico	c.nunez@udc.es		
Web					
Descrición xeral	Estudo das numerosas e complexas manifestacións da lingua inglesa, agás as consideradas estándar.				

## Competencias da titulación

Código	Competencias da titulación

## Resultados da aprendizaxe

Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
During and (especially) at the end of the course, the students are expected to:	A1	B1	C2
	A2	B2	C3
-Approach the world of English language/s and culture/s from an ethical and postcolonial point-of-view	A6	B3	C4
	A10	B4	C5
-Analyze the sociocultural, political, economic, and military aspects surrounding the expansion of the English language and its consequences (e.g. capitalism, colonialism, globalization, migration)	A11	B5	C6
	A14	B6	C7
	A15	B7	C8
-Locate the geographical regions and/or countries of English varieties around the world	A17	B8	
	A19	B9	
-Know the main cultural features of the mentioned regions and/or countries (history, literature, religion, customs, etc)	A20	B10	
-Identify the phonological, morphological, and lexical characteristics of English accents and dialects			
-Recognize other varieties of English related to gender, class, age, ethnicity, profession, etc			
-Speak articulately and listen respectfully in and out of class			
-Read and write critically and creatively			

## Contidos

Temas	Subtemas



<p>1. Introducción</p> <p>2. Conceptos básicos: acento, argot, bilingüismo, crioulo, dialecto, diglosia, idiolecto, xerga, pidgin, rexistro, etc.</p> <p>3. O inglés da raíña, o inglés da BBC, etc. Pode unha persoa ou unha corporación posuír unha lingua? O inglés británico estándar como dialecto</p> <p>4. O inglés en Gran Bretaña e Irlanda (variedades de Londres; inglés de Escocia; Wenglish; Norte, Sur e área central de Inglaterra)</p> <p>5. O inglés na América (General American; inglés afro-americano; Canadá; inglés Chicano; crioulo de Louisiana; o Caribe)</p> <p>6. O inglés en África (Nixeria, Gana, Liberia, Camerún, Sudáfrica)</p> <p>7. O inglés en Asia e Oceanía (India; Australia; Nova Zelandia; o inglés do pobo Maorí; pidgin de Illas Solomon)</p> <p>8. Outras variedades segundo clase, xénero, idade, etnia, profesión (e.g. o inglés académico)</p> <p>9. Conclusións e feedback</p>	
--	--

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	16	27	43
Obradoiro	16	16	32
Traballos tutelados	2.5	24	26.5
Presentación oral	0.5	10	10.5
Atención personalizada	0.5	0	0.5

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas	Son un conxunto de textos e documentación escrita que se recolleron e editaron como fonte de profundización nos contidos traballados.
Obradoiro	Modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes na que se poden combinar diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, etc) a través da que o alumnado desenvolve tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, co apoio e supervisión do profesorado.



Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.
Presentación oral	Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Presentación oral Traballos tutelados	Estou a disposición dos estudantes no meu despacho nas horas de titoría, como tamén a través do teléfono e o correo electrónico.

## Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Presentación oral	Teredes que facer un PROXECTO ou PRESENTACIÓN oral en grupos de entre 3 a 10 persoas. Consistirá en presentar un texto--un fragmento dunha película ou serie de TV, unha entrevista, unha escena cómica, etc--nunha variedade do inglés que se considera non estándar. Mentres se presenta, os/as estudantes non poderán ler de ningún tipo de notas. Teredes QUE GRAVAR e SUBIR o proxecto vós mesmos/as e enviarme por email o GUIÓN (tanto en formato Word como en PDF); os detalles e a data de entrega trataranse en clase. Finalmente, aprenderedes unha variedade do inglés non estándar, mentres traballades xuntos/as e, con sorte, divertídesvos un anaco.	15
Obradoiro	Os talleres ou clases prácticas terán lugar no aulanet. Teredes que ler, escoitar e analizar textos en diferentes variedades do inglés. Moitos destes textos serán audiovisuales. Tamén poderíamos corrixir deberes de días anteriores. Crearei un FORO en MOODLE e os/as estudantes terán que aportar as súas análises e comentarios aí; as vosas notas nesta sección dependerán da información que poñades no foro.	15
Lecturas	En cada clase teórica, á parte da LECCIÓN da profesora, haberá un DEBATE sobre a/s LECTURA/S da semana; ao comezo do cuadrimestre, deixarei unha COLECCIÓN de lecturas en reprografía. Aínda que as lecturas son maiormente sobre lingua e literatura, proveirevos de información sobre a historia, cultura, xeografía e outros detalles correspondentes aos lugares onde se fala cada variedade do inglés. A participación espontánea dos/as estudantes de valorará independentemente do tipo de participación que proba que realmente fixestes as lecturas. Así pois, a participación ESPONTÁNEA vale o 5% e a participación DERIVADA DAS LECTURAS o 15% do total desta sección.  Tedes que facer unha lectura minuciosa de cada texto, o que implica que teredes que tomar notas. Debedes vir a clase preparados/as a facer preguntas e dar a vosa opinión durante a lección e a discusión. Avaliarei a maior parte das vosas lecturas de forma oral; non obstante, se fose necesario, podería pedirvos que fixédes un test por escrito.	20



Traballos tutelados	<p>Teredes que escribir DOUS ensaios individuais en estilo MLA (entre 500 e 750 palabras CADA UN). Unha vez que corrixa o primeiro, teredes que reescribilo e devolvermo. Se non me entregades a versión reescrita, vos darei ningunha nota. O segundo ensaio hai que entregalo só unha vez; non obstante, teredes que ter en conta as suxestións que vos fixen a primeira vez. O PRIMEIRO ENSAIO vale o 20% o SEGUNDO o 30% do total desta sección. Aínda que os temas dos ensaios son libres, a estrutura debe ser a seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>-Título</li><li>-Introdución</li><li>-(Hipó)tesis</li><li>-Corpo</li><li>-Conclusión</li><li>-Obras Citadas</li><li>-Apéndice</li></ul> <p>A lista de Obras Citadas debe incluír (polo menos):</p> <ul style="list-style-type: none"><li>-un capítulo de libro,</li><li>-un artigo académico da base de datos JSTOR accesible dende a páx. web da nosa biblioteca</li></ul> <p>O resto das pautas serán explicadas en clase.</p>	50
---------------------	---	----

Observacións avaliación



-Xunto

coa asistencia a clase (ver abaixo), os talleres, as lecturas, os ensaios e o proxecto/a presentación oral son OBRIGATORIOS. Para que poida calcular a vosa nota final, teredes que sacar o menos un 4 nas actividades mencionadas. Para aprobar o curso, a vosa nota final debe ser igual ou superior a 5.

-Só

permítesevos faltar a 4 clases. Faltar a 5 ou máis clases implicará suspender a primeira oportunidade e acceder á oportunidade de xullo. Como vedes, uso un método de avaliación continua; isto significa que necesito que veñades a clase de forma continuada para poder poñervos unha nota.

-EXTRA:

Anímase aos/as estudantes a obter puntos extra de DÚAS maneiras: (1) FACER UNHA PRESENTACIÓN ORAL INDIVIDUAL DE 10 MIN. EN CLASE: podedes presentar sobre calquera variedade non estándar en calquera momento do curso; teredes que avisarme cunha semana de antelación. (2) FACER UNHA PRESENTACIÓN EN GRUPO ABERTA AO PÚBLICO EN DECEMBRO: esta actividade é similar a poñer en escena unha obra de teatro nunha variedade do inglés non estándar; ofrézome a axudarvos cos ensaios. Participar de calquera destas dúas maneiras pode supoñer ata un 10% extra que será engadido ás vosas notas finais.

-En caso

de folga de profesores/as, se fose necesario, a profesora proverá aos/ás estudantes con material didáctico a través de Moodle.

En caso de folga de estudantes, a profesora podería pedir aos estudantes que realicen unha tarefa equivalente ao traballo de clase.

-Os/as

repetidores/as, que teñan incompatibilidade horaria, deben contactar comigo a comezos do cuadrimestre. Entón, asignareilles exercicios específicos e tarefas (e.g. presentación) que terán que realizar de acordo cun calendario que crearei para eles/as. Se non fan as tarefas a tempo, terán que acceder á oportunidade de xullo.

-Os/as

estudantes deben entregar as tarefas nas datas convidadas. Os atrasos leves supoñerán un desconto do 25% da nota da actividade. Os atrasos graves terán que xustificarse de forma oficial (cun xustificante médico), se non as devanditas tarefas non serán aceptadas.

-Un

ensaio que mostre signos de plaxio será cualificado cun 0.

-NON

haberá EXAMES nin en xaneiro nin en xullo. Os/as estudantes que accedan á oportunidade de Xullo terán que facer o seguinte: (lecturas: 20%) recensións

críticas de moitas das lecturas de clase de 200/220 palabras, (workshop: 15%) recollida de&nbsp;material--e.g. artigos, relatos, vídeo clips, cancións, etc-que estean especificamente relacionados coas variedades do inglés estudadas en clase, dous ensaios (50%), e unha presentación oral individual (15%). O resto de detalles e datas serán anunciados na plataforma Moodle&nbsp;ao seu debido tempo.

-Tanto en xaneiro coma en xullo, os/as estudantes que non cumpran co 50% dos requisitos serán cualificados/as como&nbsp;Non presentados/as.

-Aqueles/as alumnos/as que oficialmente fosen matriculados/as a tempo parcial, e que posúan unha dispensa académica, tal e como establece a Normativa de permanencia desta universidade, serán avaliados/as en calquera oportunidade seguindo os mesmos criterios que para a segunda oportunidade de xullo.



## Fontes de información

Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

## Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías